

6



Ollos abertos

As nosas ilusións e desexos

Durante o día facemos moitas cousas que nos agradan. Pero tamén desexariamos facer outras que nos gustan e que nos porían moi contentos.

- Se algunha vez estamos _____, esperamos curarnos canto antes, para levantarnos e facer vida normal.
- Se temos _____ nos estudos, con probas ou exames, esperamos superalos con éxito.
- Se nos preparamos para algunha _____ que nos fai ilusión, esperamos que nos saia ben.
- Se estamos invitados a algunha _____, esperamos divertirnos moito.

► Completa as frases anteriores coa palabra que corresponda:

apuro - festa - enfermos - actuación

► ¿Sucédeche algo disto?

► ¿Cales son as túas ilusións?



Mirada penetrante

Desexos e esperanzas das persoas

Como nós, tamén as demais persoas teñen moitos desexos e esperanzas. Cada un maniféstao segundo a situación que está a vivir:

Situación	Desexan...
Os enfermos •	• Atopar o camiño.
Os parados •	• Poder aprobar.
Os pobres •	• Recuperar a saúde.
Os que se van operar •	• Alcanzar a paz.
Os que están en guerra •	• Conseguir o triunfo.
Os que preparam unha competición •	• Atopar un traballo.
Os estudiantes •	• Que todo saia ben.
Os que están no cárcere •	• Conseguir a liberdade.
Os que van de viaxe •	• Chegar á meta.
Os que están perdidos •	• Ter o máis necesario.

► Une as dúas columnas cunha frecha segundo corresponda.

■ As nosas esperanzas

A través de todo isto, as persoas desexan algo:

- Liberarse de todo o negativo que fai sufrir.
 - Conseguir aquilo que os pode fazer más felices.
- É a esperanza que todos levamos dentro.



Oídos atentos

Os desexos do pobo de Israel

O pobo de Israel pasou por situacións difíciles: tivo problemas graves e momentos de dor e sufrimento. Nelas situacións, clamaba ao Señor.

■ 1 ■ O pobo de Israel suplica a Deus



■ *Señor, moitos son os meus opresores, moitos os que se levantan contra min. Chamo a berros polo Señor. ¡Érguete, Señor! ¡Sálvame, meu Deus! (Sal 3,2.5.8).*

■ 2 ■ Deus promete enviar o Mesías



■ *O Espírito do Señor, está sobre min, porque o Señor me unxiu. Mándame anunciar a boa nova aos pobres, curar aos de corazón destrozado, proclamarles aos cativos a amnistía e aos presos a liberdade, para proclamar un ano de grazia do Señor e o día do rescate do noso Deus, para consolar os entristecidos. (Is 61,1-2). Velaí o meu escollido en quen me comprazo. Ditaralles sentencia xusta ás nacións... Con fidelidade proclamará a xustiza: non desfalecerá nin crebará ata establecer na terra a xustiza. (Is 42,1-4). Convértote en luz das nacións e serás a miña salvación ata o confín da terra. (Is 49,6).*

► O pobo de Israel sabía que, cando se cumprisen estas promesas e viñese o Mesías, realizaríase a Nova Alianza de Deus cos homes de maneira plena e definitiva.

■ O pobo de Israel suplica a Deus

¿Que lle pedía o pobo de Israel a Deus?	
---	--

■ Deus promete enviar o Mesías

¿Como será o Mesías?	
¿Que calidades terá?	
¿Que fará?	
¿Que obra realizará no mundo?	



Memoria esperta

Deus enviounos ao Mesías

Os cristiáns afirmamos que Deus cumpliu a súa promesa de enviar o Mesías Salvador. A Igrexa así o proclamou ao longo dos anos e invítanos a crelo con fe firme e a anuncialo con alegría.

■ ¿Que lle prometera Deus ao pobo de Israel?

■ ¿Cal sería a misión do Mesías?

O Mesías, nos últimos tempos, polo Espírito do Señor:

■

■

■

■ ¿Que significa Mesías?

■

■

■



Mans activas

Celebrar a vinda do Mesías

Os cristiáns celebramos no Nadal a vinda do Mesías ao mundo. Nós queremos preparala e celebrala como o fixeron aqueles personaxes que viviron o primeiro Nadal.

Personaxes	¿Que fixeron?	¿Que nos ensinan?
María 	<p>■ O anxo díxolle a María: -Vas concibir no teu ventre e darás a luz un fillo ao que lle poñerás de nome Xesús... María contestou: -Cúmprase en min o que dixeches. (Lc 1,31.38)</p>	■

Xosé



- O anxo díxolle a Xosé:
-Non teñas reparo en levar a María, a túa muller... Xosé fixo o que mandara o anxo. (Mt 1,20.21.24)
Xosé... colleu o Neno e a súa Nai, de noite, foise a Exipto e quedou ata a morte de Herodes. (Mt 2,14-15)

Pastores



- O anxo díxolles aos pastores:
-Hoxe, na vila de David naceuvos un Salvador, o Mesías, o Señor... Os pastores foron a correr e atoparon a María e a Xosé e á criatura deitada nun presebe... Volveron glorificando e loando a Deus. (Lc 2,10.11.16.20)

Magos



- Os magos puxéronse en camiño... A estrela comezou a guialos ata que veu a pararse enriba de onde estaba o Neno... Enchéreronse de inmensa alegria. Entraron na casa, viron o Neno con María, a súa nai e, caendo de xeollos, adorárono... Ofrecéronlle ouro, incenso e mirra. (Mt 2,9-11)

Simeón



- Simeón colleu o Neno nos brazos e bendiciu a Deus dicindo:
-Agora podes, Señor, segundo a túa promesa, despedir en paz ao teu servo; porque xa os meus ollos viron o teu Salvador, luz de revelación para os xentís e gloria do teu pobo, Israel. (Lc 2,28-32)


► ¿Que personaxes do Nadal che gustan máis? ¿Por que?

■ O auténtico Nadal

Para os cristiáns o Nadal é unha gran festa.

Para celebrar o Nadal, facemos **moitas actividades**:

- Facemos regalos
- Adornamos as casas
- Reunímonos en familia
- Temos vacacións
- Organizamos comidas especiais
- Cantamos panxoliñas
- Participamos en festivais
- Poñemos a árbore
- Facemos o nacemento
- Participamos nas celebracións da parroquia
- Bicamos a imaxe do Neno Xesús
- Felicitamos aos amigos e familiares
- Acordámonos dos necesitados



► ¿Cal destas actividades che parece máis importante?